

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO  
CORRESPONDENTE O DIA 14 DE OUTUBRO DE 1996.-**

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día catorce de Outubro de mil novecentos noventa e seis; ás sete da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.- Concelleiros: Don Xose Pérez Iglesias, Don Amando Martinez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso.-

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado día 7 de Outubro.

**2.- OBRAS MAIORES.-**

Examinadas as solicitudes presentadas e os informes emitidos polo Aparellador Municipal, concédese licencia para a execución de obras, salvo os dereitos de común e sen perxuízo de terceiros, ós seguintes señores, a cal licencia non terá efecto sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación provisional do Sr. Interventor, a resultas da definitiva, por unanimidade:

A Don Eligio Camiña Francisco, veciño de Francelos, con domicilio na rúa do Pouso, para que poida legalizar unha ampliación de vivenda unifamiliar sita no devandito lugar. A validez desta licencia é de seis meses a partir da súa notificación. Prácticase a liquidación provisional ós efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras desta licencia, o cal importe é 335.019 pesetas.

### 3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIDADANS.-

Visto o expediente de Don Manuel Pérez Vázquez, veciño desta Vila, para reforma de casa para local e vivenda na rúa Cervantes-Rodríguez Moure, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servizos técnicos municipais, que di: "O expediente tramitarase coa remisión da documentación e informes á Comisión Provincial de Patrimonio.- Proxecto visado 12 de Xullo de 1996.- Autores Arquitectos: Chao Gómez e Garayzábal.- Terán que constar no expediente fotografías de cada unha das fachadas no seu estado actual.- Farase constar na Memoria e demais documentos do proxecto de forma clara e precisa que a carpintería exterior será de madeira, coa supresión das persianas que constan no proxecto.- Manterase a cantería actual ata a cota de planta primeira como figura na realidade.- Os voos non poderán sobrepasar de 0,65 m. que é o que corresponde ós actuais.- A cota de cumbreira medida no propio edificio dende a soleira de balcón é de 5,30 m. e o que consta en proxecto son 6,50 metros.- A primeira fase da obra comprenderá a estrutura xeral, fachadas, cubertas, servizos xerais de saneamento e recollida de pluviais. As comunicacións de locais axustaranse á lexislación sectorial correspondente, non admitíndose a escaleira de caracol para uso público.- Presentará Estudio Arqueolóxico.- Cumprimentados os puntos que se sinalan, remitirase a documentación xeral cos informes á Comisión de Patrimonio".

Examinado o expediente promovido por Don Joaquín Vázquez Cortizo, na representación de Autoescola Ribadavia S.L., veciño desta Vila, en virtude de instancia número 1434, do 10 de Maio do corrente ano, solicitando licenza municipal para instalación de Autoescola na rúa Salgado Moscoso, nº 6, baixo de Ribadavia, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado por Decreto 2.414/1961, do 30 de Novembro.- RESULTANDO.- Que se cumpriron os trámites de información pública e notificación persoal ós veciños inmediatos incorporando os informes do Xefe Local de Sanidade e dos técnicos congruentes coa natureza da actividade.- CONSIDERANDO.- Que o proxecto reúne os requisitos esixidos que, en canto á súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garanti-la tranquilidade, salubridade e seguridade cidadana e a súa adecuación ó medio

ambiente suxetarase ó informe que emita a Comisión Provincial de Medio Ambiente.- CONSIDERANDO.- Que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona no planeamento urbanístico e CONSIDERANDO que na zona ou nas súas proximidades non existe risco de actividades xeradoras de efectos aditivos análogos.- Visto o Decreto 2414/61, do 30 de Novembro e demais disposicións concordantes de aplicación, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda: 1.- Informar favorablemente a concesión da licenza municipal instada por Don Joaquín Vázquez Cortizo, na representación de Autoescola Ribadavia S.L. para instalación de Autoescola, na rúa Salgado Moscoso, 6, baixo, xa que no expediente observáronse tódalas prescricións que establece o devandito regulamento e disposicións complementarias.- 2.- Dar traslado do expediente completo á Comisión Provincial de Medio Ambiente da Xunta de Galicia ós efectos previstos no artigo 33 do referido Regulamento en relación coa calificación da actividade.

Visto o expediente instruído a instancia de Don Baltasar López Lamas, na representación de Coloniales Cruz, veciño de Ourense, con domicilio na Estrada de Vigo, p.k. 542, no que solicita licenza municipal para a apertura de supermercado na rúa Ribeiro, 21, desta Vila, e RESULTANDO: que admitido a trámite, procedeuse a realiza-la información pública co resultado que consta no expediente, incorporando os preceptivos informes técnicos, o informe do Sr. Xefe Local de Sanidade e o da Comisión de Goberno, órgano que ten asumida a competencia nesta materia por delegación expresa do Pleno.- RESULTANDO: que elevado o expediente á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo con data 30 de Xullo pasado informa en sentido favorable, calificando dita actividade como Molesta, Insalubre e Nociva, informando favorablemente o proxecto da devandita actividade condicionado ó cumprimento das medidas correctoras contidas no proxecto presentado.- RESULTANDO: que o lugar de emprazamento non é disconforme co planeamento urbanístico axustado á zona.- CONSIDERANDO: que na tramitación deste expediente observáronse tódalas prescricións legais.- CONSIDERANDO: que é competencia da Comisión Municipal de Goberno a concesión da licenza solicitada. A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a concesión provisional da licenza que se solicita, condicionada ás medidas correctoras que constan no proxecto presentado, debendo solicita-la licenza definitiva, para o que será indispensable que se levantase Acta de comprobación que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal deberá ser favorable, acompañando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións que nel se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta

licencia; debendo de ingresarse previamente nas arcas municipais a cantidade á que ascenden as taxas regulamentarias, segundo liquidación que practicará a Intervención Municipal. Realizadas as obras aportará certificado de fin do obra. Practícase a liquidación provisional ós efectos do Imposto de Construccions, Instalación e obras desta licencia, o cal importe é de 126.769 pesetas.

Visto o expediente que se tramita a instancia de Don José Manuel Fidalgo Gómez, para construción no Serralleiro do lugar de San Cristovo dunha nave industrial que se adicará a taller de chapa e pintura en solo non urbanizable, a Comisión Municipal de Goberno coída que se trata dunha actividade de interese social polo cal nada ten que oporse ó seu emprazamento en solo non urbanizable.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Comisión Municipal de Goberno, ten coñecemento dos seguintes:

Da Farmaceutica titular, partes quincenais de cloración de augas do abastecemento do consumo público de Ribadavia e Santa Cristina.

#### **5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-**

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó Padrón de Entrada de Vehículos correspondente ó ano 1996, por un importe total de 488.000 pesetas. Asemesmo acorda sinalar como periodo de cobranza voluntario o comprendido entre o vindeiro 21 de Outubro e o 20 de Decembro de 1996.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó Padrón de Rede de Sumidoiro correspondente ó ano 1996, por un importe total de 3.903.923 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó Padrón do Imposto de Actividades Económicas Empresariales correspondente o ano 1996, por importe de 17.026.350 pesetas e ó de Actividades Profesionais e Artísticas correspondente o ano 1996, por importe de 1.936.645 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda sinalar

como período de cobranza voluntario do Imposto de Actividades Económicas Empresariales e Actividades Profesionais e Artísticas correspondente o ano 1996 entre o vindeiro 21 de Outubro e o 20 de Decembro de 1996.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento a conta a Unión Fenosa das facturas de alumeadado público de edificios e instalacións públicas de 1996, por importe de 4.000.000 de pesetas.

Vistos os informes realizados polo Servicio Social de Base, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda conceder as subvencións que de seguido se detallan para a adquisición de material escolar a: Dona María del Carmen Rosendo Seoane, veciña de Francelos, con domicilio na rúa Ramal 45, por importe de 10.000 pesetas; Dona Remedios Meiriño Alonso, veciña da Franqueirán, con domicilio na Estrada de Carballeda, 34, por importe de 10.000 pesetas; Dona Carmen Montoya Montoya, veciña desta vila, con domicilio na rúa Rodríguez de la Fuente, 27, por importe de 20.000 pesetas; Dona Antonia Suarez Rodríguez, veciña de San Paio, con domicilio na Estrada Nacional Vella, 14, 1º esquerda, por importe de 10.000 pesetas; Dona Pilar Almuíña Pérez, veciña desta vila, con domicilio na rúa dos Fornos, 14, por importe de 10.000 pesetas; Dona Pilar Campo Sotelo, veciña de San Paio, con domicilio na Estrada Nacional Vella, nº 20, 1 A, por importe de 15.000 pesetas; Dona Milagros Gabarri Montoya, veciña de San Paio, con domicilio na Estrada Nacional Vella, 14, 1º dereita, por importe de 25.000 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ás seguintes certificacións: nº 1, nº 2 e nº 3 das obras de Abastecemento a Parque Empresarial, polos importes respectivamente de 2.005.887 pesetas, 747.940 pesetas e, 590.423 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ás seguintes certificacións: nº 1, nº 2 e nº 3 das obras de Saneamento Parque Empresarial en San Cristovo, por importes respectivamente de 2.093.725 pesetas, 1.246.164 pesetas e 2.410.111 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda conceder unha subvención á Asociación Coordinadora Festa da Isteria pola organización, desfile e presentación da Festa da Isteria do presente ano dentro dos actos desenrolados nas Noites do Castelo, por importe de 216.850 pesetas. Así mesmo, acorda subvencionar á Asociación Coordinadora Festa da Isteria a

colocación de carteis de dito evento por toda Galicia, por importe de 60.000 pesetas. O aboamento das devanditas cantidades farase efectivo cando as dispoñibilidades económicas do Concello o permitan.

**ADXUDICACION DEFINITIVA DA OBRA EDIFICIO DE USOS MULTIPLES: CORREOS, FASE VII.**- Examinado o expediente da obra denominada EDIFICIO DE USOS MULTIPLES: CORREOS, FASE VII, e tendo en conta o informe do Sr. Aparellador Municipal, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a adxudicación definitiva da contratación da obra EDIFICIO DE USOS MULTIPLES: CORREOS, FASE VII (INSTALACION ELECTRICA), segundo proxecto técnico redactado polo Arquitecto, Don Xulio Touza Rodríguez, a CONSTRUCCIONS VAZQUEZ FIDALGO S.L., con domicilio na Quinza, deste Municipio, polo prezo de 5.019.784 pesetas, IVE incluído, por se-la proposición máis avantaxosa das presentadas.- Na súa consecuencia esta Comisión de Goberno dispón que se lle notifique á empresa adxudicataria esta decisión ós efectos de que presente os documentos preceptivos e o documento que acredite a constitución da garantía definitiva, citándolle para a formalización do correspondente contrato administrativo no prazo de cinco días contados a partir da data da notificación.

**ADXUDICACION DEFINITIVA DA OBRA EDIFICIO DE USOS MULTIPLES: CORREOS, FASE VIII.**- Examinado o expediente da obra denominada EDIFICIO DE USOS MULTIPLES: CORREOS, FASE VIII, e tendo en conta o informe do Sr. Aparellador Municipal, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a adxudicación definitiva da contratación da obra EDIFICIO DE USOS MULTIPLES: CORREOS, FASE VIII (FONTANERIA E SANEAMENTO), segundo proxecto técnico redactado polo Arquitecto, Don Xulio Touza Rodríguez, a CONSTRUCCIONS VAZQUEZ FIDALGO S.L., con domicilio na Quinza, deste Municipio, polo prezo de 2.891.416 pesetas, IVE incluído, por se-la proposición máis avantaxosa das presentadas.- Na súa consecuencia esta Comisión de Goberno dispón que se lle notifique á empresa adxudicataria esta decisión ós efectos de que presente os documentos preceptivos e o documento que acredite a constitución da garantía definitiva, citándolle para a formalización do correspondente contrato administrativo no prazo de cinco días contados a partir da data da notificación.

**6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non se formularon.

E sendo as sete e media da tarde, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, da cal, coma Secretario accidental, certifico.